

Eu xogo coma antes

CIFP Portovello

II CONCURSO DE TRABALLOS POR PROXECTOS

Proxecto de investigación dirixido por profesorado dun departamento, na seguinte sub-modalidade:

b. Traballos de ciclo/departamento

CIFP Portovello

Departamento de Servizos Socioculturais e á comunidade

Ciclo Superior Educación Infantil

Modalidade Persoas Adultas Presencial

Curso académico 2014/2015

Índice

1. Descrición do proxecto	3
1.1 Xustificación	3
1.2 Calendario de realización	4
1.3. Alumnado e profesorado participante	4
1.4 Organización	4
1.5. Referencia aos contidos curriculares e ás competencias básicas.....	4
2. Obxecto ou temática de investigación propostos	5
3. Breve descrición do proceso de deseño e elaboración da proposta.....	6
4. Relación das tarefas máis importantes realizadas ao longo do proxecto polo alumnado.....	6
5. Recursos utilizados e fontes consultadas.	7
6. Implicación da comunidade educativa.....	9
7. Difusión dos traballos entre a comunidade educativa.	9
8. Avaliación realizada en relación cos criterios de avaliación e as competencias básicas do currículo, entre outros aspectos.....	9
9. Función e participación da biblioteca escolar en todo o proceso.....	12
Anexos	12

1. Descrición do proxecto

A presente proposta consistiu na elaboración dun banco audiovisual de xogos musicais infantís (0-3 anos) da tradición oral galega.

O proxecto foi desenvolvido ao longo deste curso por alumnado que está a cursar o Ciclo Superior de Educación Infantil no CIFP Portovello polo réxime das persoas adultas na modalidade presencial e apoiado de xeito interdisciplinar por todo o seu profesorado e a Biblioteca escolar.

A intención deste proxecto é achegar a todas as persoas interesadas no mundo da atención educativa á primeira infancia ás posibilidades da tradición oral, do patrimonio e da cultura galega. Trátase dun banco de recursos compartido que pode enriquecer o o traballo na educación infantil desde a posta en valor do noso ben máis prezado, a cultura propia.

1.1 Xustificación

No CIFP Portovello, dentro da Familia profesional de servizos socioculturais e á comunidade, impártese o Ciclo Superior de Educación Infantil no que se forman profesionais de atención á infancia cualificados para traballar no ámbito da educación formal con nenas e nenos de 0 a 3 anos e no da educación non formal con nenos e nenas de 0 a 6.

Unha das ferramentas fundamentais no traballo dunha educadora ou educador infantil é o xogo e dentro das posibilidades do mesmo é fundamental a achega que se pode atopar no xogo tradicional polo que ten de riqueza patrimonial e cultural, mais tamén pola súa relación coa creatividade e a universalización dun tipo de xogo afastado das diferenzas socioeconómicas tan presentes nun momento como o actual. Por ese motivo, desde hai un tempo, vimos traballando no proxecto de creación dun Centro de interpretación do xogo e do xoguete popular e tradicional que permita dotar de recursos ao noso alumnado e posibilitar a apertura das nosas instalacións a outros sectores, educativos ou non, que permitan intercambios e novas experiencias de aprendizaxe. De feito o proxecto presentado o ano pasado neste mesmo concurso xa formaba parte desta inquietude e este ano pretendeuse darlle continuidade.

A pesar de que nos últimos tempos teñen xurdido importantes iniciativas de recuperación dos xogos populares e tradicionais, aínda é un feito contrastable que en moitos lugares, sobre todo no ámbito urbano, as nenas e nenos crecen e desenvólvense en contornos afastados deste tipo de prácticas. O xogo musical forma parte da nosa identidade cultural e a tradición oral merece ser recollida para garantir a súa continuidade sendo as novas tecnoloxías unha ferramenta con grandes posibilidades para este fin.

Por outra banda consideramos que a aprendizaxe que permite dotar de sentido a formación recibida aplicando os coñecementos e habilidades nunha realidade próxima é moito máis eficaz e ademais si engadimos o compromiso social coa intención de mellorar o contorno, achegándonos á aprendizaxe servizo proposta polo *Centre*

Promotor d'Aprenentatge Servei conseguírase unha formación profesional acorde as esixencias do panorama actual.

Por todo isto, xorde este **proxecto transversal e interdisciplinar** que implica a varios módulos formativos do Ciclo Superior de Educación Infantil (Didáctica da educación infantil, O Xogo e o seu desenvolvemento, Desenvolvemento cognitivo e motor e Expresión e comunicación), e ás coordinacións de innovación e formación do profesorado e da biblioteca do centro.

Neste proxecto, ***Eu xogo coma antes***, o alumnado do Ciclo Superior de educación infantil do CIFP Portovello, a partires dun traballo de investigación sobre o xogo musical para nenos e nenas de 0 a 3 anos da tradición oral galega elaborou un banco de recursos audiovisuais que servirá de apoio ás educadoras e educadores infantís no presente e nun futuro. As presentacións destes recursos están dispoñibles de xeito gratuito nun blog, [As cousiñas de infantil](#), creado ao amparo deste proxecto, para o alumnado, as familias de nenos e nenas e profesionais da atención á infancia, facilitando así a continuidade da transmisión oral do noso patrimonio.

1.2 Calendario de realización

O deseño do proxecto levouse a cabo ao longo do segundo trimestre e desenvolveuse no terceiro trimestre.

1.3. Alumnado e profesorado participante

- Alumnado do Ciclo Superior de Educación Infantil do réxime de persoas adultas.
- Profesorado dos catro módulos formativos do Ciclo Superior de Educación Infantil de Didáctica da educación infantil, O Xogo e o seu desenvolvemento, Desenvolvemento cognitivo e motor e Expresión e comunicación
- Coordinación de innovación e formación do profesorado.
- Coordinación da biblioteca do centro.

1.4 Organización

Coa intención de facilitar a coordinación de todas as persoas participantes no proceso de deseño e elaboración da proposta utilizouse Google Drive para compartir as ideas e os documentos creados e desenvolvéronse reunións de coordinación entre o profesorado e alumnado do réxime de persoas adultas.

A descrición e secuencia das diferentes tarefas recóllense no punto catro do presente documento.

1.5. Referencia aos contidos curriculares e ás competencias básicas

Atendendo aos contidos recollidos nas programacións docentes dos diferentes módulos o proxecto permitiu abordar os seguintes contidos curriculares:

Módulo de *Didáctica da educación infantil*:

- Papel do persoal coa titulación de técnico de educación infantil na intervención educativa.

- Valoración das novas tecnoloxías como fonte de información.
- Utilización das novas tecnoloxías como fonte de información.
- Niveis de planificación dunha intervención no ámbito non formal: plan, programa e proxecto.
- Valoración da participación no traballo en equipo.

Módulo de *O xogo infantil e a súa metodoloxía*:

- Xogo e desenvolvemento infantil.
- Xogo e dimensións afectiva, social, cognitiva, sensorial e motora.
- Teorías do xogo: tipos e clases.
- Xogo e aprendizaxe escolar.
- Xogo e integración social: diversidade.
- Modelo lúdico: características.
- Análise das técnicas e dos recursos do modelo lúdico.
- Toma de conciencia da importancia do xogo no desenvolvemento infantil.
- Valoración do xogo na intervención educativa.

Módulo de *Expresión e comunicación*:

- Criterios para a selección e a utilización de literatura infantil, recursos audiovisuais e materiais multimedia en galego e en castelán
- Principais estratexias para o desenvolvemento da expresión oral na infancia.
- Elaboración de materiais favorecedores do desenvolvemento da expresión oral.
- A lingua galega como medio de comunicación e expresión na educación infantil.
- Utilización do folclore popular galego como vehículo de expresión oral na infancia.
- Respecto pola lingua materna dos cativos e das cativas.
- Estratexias para o desenvolvemento da expresión a través da creatividade.
- Elaboración de materiais favorecedores do desenvolvemento.
- Valoración dos modos de expresión dos cativos e das cativas.
- Instrumentos de observación da expresión e da comunicación nos cativos e nas cativas: deseño e selección.
- Avaliación de programas de intervención no ámbito da expresión e da comunicación con pequenos e pequenas.
- Valoración da importancia da avaliación como recurso para a mellora da intervención.

Módulo de *Desenvolvemento cognitivo e motor*:

- Actividades dirixidas a favorecer o desenvolvemento cognitivo, sensorial, motor e psicomotor.
- Organización do espazo para a realización de actividades favorecedoras do desenvolvemento sensorial, motor, cognitivo e psicomotor.
- Selección de materiais e recursos.
- Respecto polos ritmos evolutivos dos pequenos e das pequenas.
- Creación de situacións afectivas e de confianza.

2. Obxecto ou temática de investigación propostos

Aínda que a temática principal da investigación foi o xogo musical para nenos e nenas de cero a tres anos na tradición oral galega, poderíase dicir que de xeito paralelo abordáronse as posibilidades do uso das TICS.

3. Breve descripción do proceso de deseño e elaboración da proposta

A idea xurde coa intención de dar continuidade ao traballo iniciado cara á constitución do Centro de interpretación do xogo e do xoguete popular e tradicional, centrándose neste caso no xogo musical da tradición oral para ser difundido co apoio das novas tecnoloxías.

Coa intención de facilitar a coordinación de todas as persoas participantes no proceso de deseño e elaboración da proposta utilizouse o Google Drive para compartir os documentos creados e desenvóléronse reunións de coordinación entre o profesorado do réxime de persoas adultas.

4. Relación das tarefas máis importantes realizadas ao longo do proxecto polo alumnado.

Unha vez que o alumnado e profesorado do CIFP Portovello acorda deseñar e desenvolver este proxecto o paso seguinte foi definir as fases e tarefas a desenvolver. A continuación descríbense cada unha destas fases e as principais tarefas desenvolvidas:

1ª Fase: Análise das fontes de tradición musical (fontes, soportes e recursos)

A primeira fase tivo como obxectivo localizar e analizar a información relativa ao tema de estudio.

Como actividade introdutoria e motivadora, o profesorado en colaboración coa biblioteca organizou o 15 de abril, ás 17:00 horas unha *charla-obra* a cargo de Luis Prego, sobre **Xogos musicais: cantigas, recitados e contiños da tradición galega para a educación infantil** aberta a toda a comunidade educativa. A mesma actividade serviu de presentación do proxecto ademais de espertar o interese do alumnado para comezar a investigar sobre o xogo musical.

Nesta análise de documentación, o alumnado acompañado polo profesorado, levou a cabo unha investigación exhaustiva de fontes documentais existentes na biblioteca do centro, na web e mediante o traballo de campo, consultando a persoas do contorno para detectar variantes dos xogos musicais segundo as zonas.

Ademais da revisión das fontes de produción oral e coñecemento de novos recursos o alumnado estudou os métodos de recollida de información (datos útiles, soportes a utilizar...) e analizou os recursos dispoñibles.

Por outra parte nesta primeira fase tamén se fixo a revisión e profundización nunha ou varias actividades das recollidas no libro Xogos Musicais de Luís Prego.

2ª Fase: Planificación da actividade

O obxectivo desta fase foi elaborar o plan de traballo e organizar as tarefas a levar a cabo xunto ca súa distribución e o reparto de responsabilidades.

3ª Fase: Deseño das propostas audiovisuais

O alumnado agrupouse en pequenos equipos de traballo e comezou a deseñar a súa proposta audiovisual que ademais de incluír os contidos curriculares dos diferentes módulos formativos, implicou: Selección de materiais a utilizar, proceso de elaboración (gravación, montaxe...), preparación da posta en escena (selección de espazos, simulacións, ensaios...)

En total deseñáronse oito propostas para as cinco categorías definidas de xogos musicais: *Enumerativas, arrollos, dedos, vogais e esquema corporal*.

Un dos equipos de traballo asumiu neste momento a responsabilidade de crear o soporte web para a publicación dos audiovisuais e fichas descritivas de cada un dos xogos musicais que se gravaron. Entre as súas tarefas estaba a de coordinación cos outros equipos de traballo para consensuar os requisitos que deberían reunir as futuras publicacións.

4ª Fase: Elaboración dos soportes audiovisuais

Nesta fase cada equipo de traballo dedicouse a crear os soportes audiovisuais para o blog. Tratábase de gravar en soporte dixital as actividades a desenvolver tendo en conta os formatos a utilizar, peso do arquivo, e os aspectos técnicos para a súa difusión no Blog, Web... Finalmente

5ª Publicación do banco audiovisual

Unha vez finalizadas as gravacións e publicadas no blog, o alumnado e profesorado iniciaron o proceso de difusión do mesmo nas redes sociais.

6ª Avaliación

Unha vez rematado o desenvolvemento do proxecto o profesorado e alumnado fixo unha posta en común para avaliar o proceso de ensino e aprendizaxe. O alumnado recoñecía a importancia de incorporar proxectos deste tipo no proceso de ensinanza aprendizaxe.

5. Recursos utilizados e fontes consultadas.

Entre as fontes utilizadas atópanse as seguintes referencias:

- Cortizas, A. (2013) *Tastarabás*. Xerais Vigo
- Cortizas, A. (2001) *Chirlosmirlos. Enciclopedia dos xogos populares*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia
- López García, X. (coord) *Os xogos de sempre na escola da capela CEIP Mosteiro de Caaveiro*
- Pérez Serrano, G. (2011) *Elaboración de proxectos sociais*. Madrid: Narcea
- Prego Fernández, L. e Cobo Fernández, S. (2010) *Para cantar e bailar*. Do Cumio
- Prego Fernández, L. (2013): *Xogos musicais*. Do Cumio

- Tabernero Balsa, X.A. (1997) Xogo popular galego Xogos populares en Galicia Santiago de Compostela : Lea
- Veiga, P. (2001) *O libro dos xogos populares galegos*. Santiago de Compostela: Sotelo blanco edicións.

Outras fontes consultadas:

- *Maria Fumaça*, Galaxia CD + DVD karaoke
- Magín Blanco: GATUXO
<http://musicaengalego.blogspot.com.es/2013/11/magin-blanco-gatuxo.html>
- *Guía didáctica dos instrumentos galegos*:
<http://musicaengalego.blogspot.com.es/2011/07/libros.html>
- *Pitusa semifusa*, Olga Brañas. Galaxia. 2014
- *Os instrumentos musicais na tradición galega*: Pablo Carpintero Arias
<http://www.consellodacultura.org/asg/instrumentos/acerca-de/>
<http://musicaengalego.blogspot.com.es/2011/07/libros.html>
- *Contos en cantos*, Almudena Janeiro, 2008, OQO, Libro + Karaoke
- *Arrollos de salitre*, Xavier Díaz, 2010
- *Rapazas, rapaces e rapazadas*. Suso Vaamonde, Ed. Trebón. 1997
- *Cantareliña*: Volumes 1 a 5 (1983-1988)
- *Vente vindo, ven cantando*. Uxía López - Manuel Rico 1996, Libro + CD
- *Arrolín, Arrolán*. Manuel Rico, 1994, Libro de didáctica musical + CD
- *Xa me tardan estes Magos*. Mamá Cabra, 2011 Galaxia - Libro + CD
- *Bicos de música*, Mamá Cabra, 2013 Galaxia - Libro + CD + DVD
- *Cartas que veñen e van*, Mamá Cabra, 2013 Galaxia - Libro + CD
- *Ola, ola, ola!*, Mamá Cabra, 2011 Galaxia - Libro + CD + DVD karaoke
- *Abracadabras*. Marica Campo, Pirilampo, AS-PG, 2010, CD + DVD
- *Pelo Gato 24*. X. Díaz e outros, 2010, Asoc. Gaiteiros Galegos
- *Tic-tac*. Pablo Díaz, 2010 Kalandraka, Libro + CD
- *Toc-toc*, Pablo Díaz 2013 Kalandraka, Libro + CD
- *Xente miúda, moita fartura*, Pablo Díaz, 2015, CD
- *13 lúas*. Asoc. Gaiteiros Galegos, 2009
- *Cantos de Nadal*. O Quiquiriquí, 2007 Asoc. Gaiteiros Galegos

- *Cantigas de Nadal*. Colectivo Boa Music, 1998
- *Rolada das cantigas*. Na virada, 2002
- *Galicia canta ao neno*. Fuxan os ventos-A quenlla 1993-2011
- *Non hai berce coma o colo*. Paulo Nogueira e Magoia Bodega, KALANDRAKA 2014
- *Na punta do pé* de Pesdelán. KALANDRAKA
- *Cocido sinfónico*. Os tres tenedores. 2014 Galaxia
- *Pan de millo*, Migallas. KALANDRAKA
- *Brinca vai!* Paco Nogueiras, David Pintor, KALANDRAKA

6. Implicación da comunidade educativa

Alumnado e Profesorado do Departamento de Servizos Socioculturais e á comunidade.

7. Difusión dos traballos entre a comunidade educativa.

A comunidade educativa tivo coñecemento do proxecto *Eu xogo coma antes* a partires da charla obradoiro de Luis Prego, o Departamento de Servizos Socioculturais e á comunidade foi informado nunha xuntanza do departamento e proximamente publicarase na web do centro do CIFP Portovello o enlace ao blog *As cousiñas de infantil* no que se volcou o traballo desenvolvido.

8. Avaliación realizada en relación cos criterios de avaliación e as competencias básicas do currículo, entre outros aspectos.

O proceso de avaliación do alumnado participante realizouse a partires dos criterios de avaliación reflectidos nas programacións dos diferentes módulos formativos na terceira avaliación.

Os criterios correspondentes ao módulo de Didáctica son os recollidos na unidade didáctica número oito da programación,:

- CA1.7 Describíronse as características, os obxectivos, a organización e o tipo de funcionamento dunha institución de educación non formal.
- CA1.8 Valorouse a actividade profesional das persoas coa titulación de técnico de educación infantil no contexto da intervención educativa.
- CA1.9 Utilizáronse novas tecnoloxías como fonte de información e valorouse o seu uso.
- CA1.10 Amosouse iniciativa e disposición ante novas situacións da profesión.

- CA2.2 Identificáronse os elementos dun proxecto de intervención educativa non formal.
- CA2.6 Identificáronse os niveis de planificación dunha actividade de educación non formal: plan, programa e proxecto.
- CA2.9 Valorouse a importancia da planificación no proceso de intervención educativa.
- CA3.8 Valorouse a participación nas actividades en equipo, o contraste de opinións e intercambio de experiencias.
- CA5.1 Relacionáronse as actividades cos obxectivos, os contidos, a metodoloxía e as necesidades individuais dos cativos e das cativas.
- CA5.3 Deseñáronse actividades para o tratamento da atención á diversidade e a compensación de desigualdades sociais.
- CA5.4 Identificáronse dificultades e propuxéronse solucións viables.
- CA5.7 Valorouse a coherencia da planificación das actividades de educación formal e non formal respecto aos obxectivos da programación.

Os criterios de avaliación do módulo formativo de *Expresión e comunicación* recollidos na programación son:

- CA1.7 Valorouse a expresión como elemento esencial para a observación do desenvolvemento infantil.
- CA2.2 Identificáronse as características do recurso.
- CA2.5 Definíronse os criterios salientables que en cada recurso permitan a selección.
- CA2.6 Relacionouse o momento evolutivo do cativo ou da cativa coas características do recurso seleccionado.
- CA2.7 Valorouse a importancia de adecuar os recursos ás características evolutivas dos cativos e das cativas.
- CA2.8 Valorouse a necesidade da biblioteca infantil como recurso para o desenvolvemento da expresión e da comunicación dos nenos e das nenas de cero a seis anos.
- CA2.9 Respectáronse con rigorosidade as pautas educativas a seguir na práctica co cativo/a
- CA2.10 Realizouse o traballo como modelo de comunicación eficaz a seguir.
- CA3.1 Organizáronse os espazos en función da actividade e das características do grupo.
- CA3.7 Seleccionáronse estratexias de intervención promotoras dun clima de afecto e confianza.
- CA4.1 Organizáronse os espazos en función da actividade e das características do grupo.
- CA4.2 Realizáronse as actividades axustándose á planificación temporal.
- CA4.3 Preparáronse os recursos materiais propios da actividade.
- CA4.4 Fixéronse propostas creativas no deseño de actividades para o desenvolvemento da expresión oral, plástica, gráfica, rítmico-musical, lóxico-matemática e corporal na infancia.
- CA4.6 Respectáronse os ritmos e as necesidades individuais.
- CA4.7 Seleccionáronse estratexias de intervención promotoras dun clima de afecto e confianza.
- CA4.8 Valorouse a coherencia entre a realización das actividades e a planificación
- CA4.9 Respondeuse ante as continxencias.
- CA4.10 Xeráronse contornos de intervención seguros.

Os criterios de avaliación do módulo formativo de *Xogo infantil e a súa metodoloxía* son os recollidos na unidade didáctica *Animación infantil e programación*:

- CA3.1. Tívoise en conta o momento evolutivo no deseño das actividades lúdicas.
- CA3.2. Enumeráronse e clasificáronse actividades lúdicas atendendo a criterios como as idades, os espazos, o papel do persoal técnico, o número de participantes, as capacidades que desenvolven, as relacións que se establecen e os materiais necesarios.
- CA3.3. Tivéronse en conta as características e o nivel de desenvolvemento dos pequenos e das pequenas para a programación de actividades lúdico-recreativas.
- CA3.5 Analizáronse os elementos da planificación de actividades lúdicas.
- CA3.8 Valorouse a actitude do persoal profesional con respecto ao tipo de intervención.
- CA3.9 Desenvolvéronse habilidades básicas de traballo en equipo e participación nas actividades da aula
- CA4.2. Valoráronse as novas tecnoloxías como fonte de información.

Os criterios de avaliación do módulo formativo de *Desenvolvemento cognitivo e motor* son:

- CA3.2. Identificáronse as características evolutivas no ámbito cognitivo das persoas destinatarias en función das súas idades.
- CA3.4. Formuláronse obxectivos, propuxéronse actividades, seleccionáronse recursos e definíronse os espazos acordes ás características evolutivas no ámbito cognitivo dos nenos e das nenas.
- CA4.3. Formuláronse obxectivos, propuxéronse actividades, seleccionáronse recursos e definíronse os espazos acordes ás características psicomotrices das persoas destinatarias en función da súa idade.
- CA5.6. Seleccionáronse estratexias de intervención promotoras dun clima de afecto e confianza.

Por outra banda as destrezas profesionais avaliadas comúns a tódolos módulos implicados definidas polo equipo docente son:

- Actuar e desenvolverse en grupo atopando fórmulas de cooperación coas demais persoas implicadas no proxecto.
- Asumir as responsabilidades e roles que lle correspondan no grupo e nas diferentes actividades e tarefas.
- Establecer relacións entre feitos do seu contorno cultural, entre aprendizaxes formais e non formais, entre o aprendido en distintas áreas ou módulos do currículo.
- Intercambiar, producir, debater e contrastar mensaxes.
- Desenvolver a creatividade e a imaxinación.
- Identificar e resolver problemas partindo da súa experiencia e posibilidades.
- Usar os recursos ao seu alcance para resolver as dúbidas e interrogantes que lle xurdan.
- Tomar decisións e compartilas. Coordinar a propia actuación coa do resto do grupo.
- Anticipar e planificar.
- Ser consciente da propia aprendizaxe durante o proceso.
- Levar a cabo tarefas de busca e procesamento, previa estruturación, da información.

9. Función e participación da biblioteca escolar en todo o proceso

A Biblioteca escolar acompañou o proceso desde o inicio facilitando os recursos necesarios para a procura de información e o espazo de traballo. Asemade valorou xunto coa Coordinación de innovación e formación a posibilidade de participar nesta convocatoria para ser trasladada ao equipo de traballo e motivalos cara a súa participación.

Anexos

Anexo 1: Ficha Os dediños

Anexo 2: Ficha Da barrigola á barriguiña

Anexo 3: Ficha Pola beira do río

Anexo 1: Ficha Os dedeiros

NOME: OS DEDIÑOS	
TIPO DE XOGO: canción IDADES: 0-3	
DURACIÓN: 2-5 min	
ESPAZO: indiferente	
OBXECTIVOS <ol style="list-style-type: none">1. Desenvolver habilidades motrices por medio do xogo musical2. Potenciar a intelixencia musical como forma de expresión3. Favorecer a adquisición da linguaxe	CONTIDOS: <ol style="list-style-type: none">4. Desenvolvemento da lateralidade e a coordinación óculo -manual5. Favorecemento da expresión musical desenvolvemento da linguaxe
MATERIAL: Bonecos/as de dedos	
DESCRIPCION: Colocamos os bonecos de dedos e ímolos mostrando o ritmo da música á vez que cantamos. “ Eu son Ramón, gordiño e barrigón, Eu son Inés, e saúdo do revés, E eu son o Enriqueto, alto, fraco e coqueto, Eu son Zosé e un anel me porei, E eu son Casimira e miro a todos cara arriba”.	

Anexo 2: Ficha Da barrigola á barriguiña

DA BARRIGOLA Á BARRIGUIÑA	
<p>Tipo de xogo: musical, arrolo Idades: dende o embarazo Espazo: tranquilo e acolledor tanto interior como exterior.</p>	
<p style="text-align: center;">Obxectivos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Favorecer a o desenvolvemento integral do neno ou nena. - Favorecer o desenvolvemento afectivo e emocional. - Fomentar o afianzamento da figura de apego. - Estimular a actividade e fomentar a coordinación motriz. - Transmitir tranquilidade e seguridade para o seu benestar a través da canción. <p style="text-align: center;">Contidos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Folclore tradicional galego: arrolo. - Canción para o desenvolvemento afectivo e emocional. - Fomento do desenvolvemento integral do neno e nena. <ul style="list-style-type: none"> - Afianzamento da figura de apego. - Realización de actividades para a estimulación da coordinación motriz a través da música. - Transmisión de tranquilidade e seguridade para o seu benestar a través da canción. 	<p style="text-align: center;">Metodoloxía :</p> <p>Para a nosa canción de arrolo empregaremos unhas monecas para presentar a canción elixida.</p> <p>A representación consiste na aparición da moneca embarazada cantándolle ao seu meniño ou meniña mentres acaricia a súa barrigola. Acto seguido, aparecerá unha segunda imaxe da mesma nai acariciando a barriguiña do seu meniño mentres lle canta.</p> <p style="text-align: center;"><i>Tantarantán, tantarantiña, o que non come non ten barrigola. Tantarantán, tantarantola, o que non pensa non ten cabezola.</i></p>
<p style="text-align: center;">Material:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Pelota pequena de plástico. <ul style="list-style-type: none"> - Papel e cartón. - Cola branca. - Pinceis. - Goma eva de cores. <ul style="list-style-type: none"> - Ferro. - Retais de teas. 	<p style="text-align: center;">Adaptacións NEE:</p> <p><i>Non ten unhas adaptacións moi marcadas. No caso de atoparnos cun meniño con algún tipo de problema auditivo co movemento máis a colocación do meniño no peito da nai conseguírase o mesmo resultado, xa que o propio latido da nai calma ao neno ou nena.</i></p>

Anexo 3: Ficha Pola beira do río

NOME: Pola beira do río.	
TIPO DE XOGO: Musical, de dedos.	IDADES: 1 a 3
NºDE PARTICIPANTES: Ilimitados media	DURACIÓN: 1h e
ESPAZO: Calquera espazo acolledor	
OBXECTIVOS Desenvolver o interese polas actividades musicais. Potenciar a sensibilidade musical. Desenvolver as capacidades cognitivas e motoras das crianzas. Impulsar o desenvolvemento psicomotor. Diferenciar as distintas personaxes que aparecen ao longo da cantiga. Relacionar o ritmo da música coas distintas escenas da obra. Aprender os números ata o cinco a través da música.	DESCRICIÓN Para este xogo musical elaboramos títeres de dedos que van aparecendo conforme avanza a letra da cantiga primeiro un sapo, dous grilos, tres ratos, catro gatos e por último cinco vacas. Utilizamos o piano e a guitarra para interpretar a cantiga acompañado das nosas voces. Despois formaremos un taller onde cada un fará o seu propio títere de dedo que represente ó personaxe que il/ela prefira.
REGRAS	MATERIAL: Goma eva, fieltro, papel de seda, papel pinocho, cartolinas, teas, herba natural, pedras, follas naturais, cola branca, silicona, ollos de pegar, fío para coser, piano, guitarra
ADAPTACIÓNS NEE:	REPRESENTACIÓN GRÁFICA: Pola beira do río, cantaba un sapo E no cantar dicía, ai que cho papo! Pola beira do río, cantaban dous grilos, E no cantar dicían, ai que te pilló! Pola beira do río van tres ratiños, e como se queren tanto danse cariños. Pola beira do río van catro gatos, como son presumidos calzan zapatos. Pola beira do río van cinco vacas, como non comen herba están moi fracas.
OBSERVACIÓNS	

